

**Reforma
integral da Casa
da Cultura
de Salvaterra**

Páxina VII



**Tui destacou
na cultura
este 2025**

Páxina VIII



**En defensa da
Mancomunidade
do Val Miñor**

Páxina X



**Orzamentos de
récord no Rosal**

Páxina X



**Décimo
aniversario do
Camiño Portugués
pola Costa**

Páxina XI



**“Xenocidio”,
Palabra do
Ano 2025**

Páxina XVI



Pereiro de Aguiar, porta da Ribeira Sacra

Páxina IV

Nace o Club da Lamprea en Arbo

Páxina VI



**CENTRO
VETERINARIO
PONTEAREAS**

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51

URX. 603 61 02 23

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

OURENSE

Punta 25 Hotels Group reabrirá o balneario de Baños de Molgas

Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, salientou o potencial do turismo termal para crear emprego e contribuír á fixación de poboación nos concellos do rural galego. O presidente autonómico mantivo un encontro con Agustín Pescador, director xeral de Punta 25 Hotels Group, e outros representantes da compañía que vén de adquirir o balneario de Baños de Molgas co obxectivo de reabrilo como establecemento de 4 estrelas.

Na reunión, na que tamén participou o director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles Remy, e o alcalde de Baños de Molgas, Manuel Ángel Fernández, destacou a aposta da Xunta por afianzar a Galicia como potencia no sector termal, a través do Plan de Turismo Termal ao que se destinan máis



Xuntanza na sede da Xunta de Galicia en Santiago.

de dez millóns de euros ata 2028. O obxectivo é sentar as bases para seguir modernizando, diversificando e fortalecendo un sector clave para o turismo e a economía galega.

O balneario de Molgas, inaugurado en 1873, é un establecemento emblemático para Galicia


e conta cun valor engadido por estar situado en plena Vía da Prata do Camiño de Santiago. O Concello, cuxa historia está ligada ás augas termais que lle dan nome desde a época romana, ofrece moitos recursos naturais e patrimoniais que incrementan o seu atractivo turístico.

Marta Maceda Gil publicou “Baba, el gato que ladraba”

Baba, el gato que ladraba” é unha publicación da ourensá Marta Maceda Gil con ilustración de Diana Valayo. A presentación do libro fíxose no Ximnasio Beone que ten ludoteca e realiza actividades para nenos. O primeiro libro de Marta foi “Lisa supersonrisa y Mika la quejica”. Na actualidade ten a autora bosquejos doutros libros en proxecto e tamén outros escritos que aínda non publicou.

O gato Baba sentía diferente e buscaba un lugar onde poder crecer. Atopa a amizade con distintos animais (vaca, ra, periquito, preguiceiro, pombas...). Trátase dun conto infantil dirixido aos nenos de entre tres e cinco anos, para que llo lean os pais e para que os lean eles mesmo.

Marta Maceda lembra que desde a súa infancia a súa nai lialle



Marta Maceda Gil, autora do libro infantil.

moitos contos e na adolescencia ocorrúselles empezar a escribir. Compaxina a escritura de libros co seu traballo nunha pizzería e as prácticas de auxiliar de enfermería.

A ilustradora Diana Valayo, pola súa banda, participou con ilustracións doutros libros infantís, e diseña cartelería e páxinas web.

“Ao borde do borde”, poemario de Anxos do Souto

“Ao bordo do bordo” é a última publicación de Anxos do Souto, licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación. A autora do libro de poemas naceu na rúa Burgas de Ourense e presentou a publicación no Liceo da cidade. Avelino Jácome, editor da obra dixo da escritora que “escribe desde a fonda poesía

que vai directamente ao corazón situándose entre o abismo e a esperanza”. “É un poemario que fala desde dentro e a autora amosase espléndida na súa voz”, comentou o editor.

Na portada do volume aparece “O espantallo” obra tamén de Anxos do Souto quen opina da súa obra que “recolle temas incubados

non meu interior. Harmonías e disonancias da miña alma”.

A que fora funcionaria pública en diversas cidades de España, colabora actualmente coa revista “Nós a xente do redor”. A primeiro libro de poemas da poeta foi “Ángeles rotos/Anxos crebados”.



Anxos do Souto asinando libros.



Ourense a máis beneficiaria no Outono Gastronómico

A 19 edición do Outono Gastronómico rematou e conclúese que a cifra de ingresos totais estimados acadou para a campaña de 2025 os 715.322€, un 11% máis que en 2024. Participaron 8.623 clientes, un 1,3% máis que o ano anterior.

A iniciativa, que estivo vixente desde o 19 de setembro ata o 21 de decembro de 2025, contou coa participación de 78 establecementos repartidos por toda Galicia. A provincia con maiores datos de ingresos e clientes estimados foi Ourense, con 1.270 clientes e ingresos de 115.293€,



froito da campaña de promoción realizada desde Turismo de Galicia a favor dos concellos afectados polo lume o pasado verán. Concretamente, 11 establecementos

participantes neste programa estaban situados en zonas afectadas por incendios, o que representaba un 14% do total dos establecementos.

Axudas a proxectos enogastronómicos

Manuel Pardo, delegado da Xunta en Ourense, desprazouse ao concello da Teixeira para, acompañado do seu alcalde, Xosé Vázquez, visitar a Adega Vella Xeracións S.L., unha das vinte empresas turísticas ourensáns beneficiarias da convocatoria de axudas a proxectos turísticos para o fomento do turismo enogastronómico, nas que a Xunta destinou máis de 190.000 euros



para a rehabilitación sustentable da adega e realización de experiencias virtuais de visitas a adegas.

Aposta polo enoturismo en Valdeorras



Turismo de Galicia e a Unión Europea financian establecementos.

A Xunta de Galicia investiu máis de 177.000 na adega Joaquín Rebolledo de A Rúa para impulsar diversas melloras no marco da convocatoria de axudas a establecementos enoturísticos que supuxo un global de cinco millóns e medio de euros. Este investimento engádese ao doutras tamén situadas nesta comarca que suman un importe de case 400.000€ e que “serve para impulsar o enoturismo da comarca de Valdeorras”.

Xosé Merelles, director de Turismo, destacou que este compromiso intégrase nunha estratexia máis global con Valdeorras, na que a Xunta leva destinado máis de 2,8M€ que vai desde a promoción do xeodestino, a actuacións no Camiño de Santiago de Inverno e tamén á posta en valor de recursos turísticos dos concellos do Bolo, Larouco, A Veira, Carballeda de Valdeorras e Petín.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



Santa

Rúa Greco, 6
O COUTO
Ourense



acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 – 660047602
info@adegavella.com



Taberna Enxebre

Tño 607 085 027
Rúa Unión, 2. Ourense

OURENSE

Pereiro de Aguiar, porta da Ribeira Sacra

Turismo de Galicia puxo en marcha un novo proxecto de sinalización turística e embelecemento de accesos a recursos turísticos do Concello de Pereiro de Aguiar. Unha iniciativa coa que, como dixo Xosé Merelles, se pon en valor este concello ourensán como porta natural desde a capital da provincia á Ribeira Sacra e que contou cun investimento de cen mil euros. Ribeira Sacra o pasado ano recibiu a visita de máis de 170.000 viaxeiros e que é un dos que ten un maior potencial de crecemento.

Colocarónse un mural de grande formato para embelecere a fachada oeste, a recuperación e restauración dun mural artístico realizado polo pintor Virxilio nos anos 90 e a instalación dunha estatua en bronce sobre base de gratio, autoría de Xosé Cid, que representa



Mural do pintor Virxilio.

a San Martiño Dumiense e que foi inaugurada.

“Este convenio vén a reforzar as actuacións que levamos desenvolvendo na Xunta de Galicia nos últimos anos en Pereiro de Aguiar, que inclúe a sinalización en distintos puntos de interese turístico, unha rede de sendeiros,

entre outras moitas accións”, engadiu o director de Turismo quen tamén fixo referencia á positiva evolución turística da provincia de Ourense que o pasado ano recibiu máis de 314.000 viaxeiros grazas ao crecemento no mercado internacional, que medra un 6% na provincia.

Tractorada do sector agrogandeiro



Os tractores ocupan, desde fai doce días, varias rúas da cidade.

Una delegación do BNG acompañou ás gandeiras e aos gandeiros na tractorada diante da Subdelegación do Goberno en Ourense para amosar o seu rexeitamento ao acordo comercial entre a Unión Europea e o MERCOSUR, un tratado que os nacionalistas consideran gravemente lesivo para o sector produtivo galego e contra o que xa presentaron diversas iniciativas nas institu-

cións nas que se atopa representación o BNG.

A representación nacionalista amosou o seu apoio explícito ao sector agrogandeiro galego e denunciou as consecuencias negativas que terá o acordo UE-MERCOSUR pola entrada masiva de produtos agrarios foráneos, sometendo ás explotacións galegas a unha competencia desleal e sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis á gandeiría galega.

Douscentos mil euros de Reyes en Bar Limia

Israel Pereira Rodríguez rexenta o Bar Limia da rúa Ervedelo número 100 de Ourense. Vendeu o pasado día cinco de xaneiro un décimo do número 06703 pola terminal do seu punto

de venda, que resultou agraciado con douscentos mil euros correspondente ao primeiro premio da Lotería de Reyes. É un dos locais de hostalería máis veterano do barrio do Couto, aínda que el é o

responsable desde hai só dous meses e medio. No barrio tamén ten aberto o Bar A Oficina na rúa Juan de Angas 12, pero neste non ten selado de quinielas nin despacho de lotería.



Israel Pereira a carón do número premiado.



Asociación de Empresas Ribeira Sacra Next

O presidente da Deputación de Ourense, Luís Menor, mantivo unha reunión de traballo co presidente da Asociación de Empresas Ribeira Sacra Next, Severino Rodríguez. Menor amosou a súa satisfacción polo crecemento da asociación, que conta xa con preto de cen socios, “un dato que evidencia o arraigamento social e económico dun proxecto estratéxico para a Ribeira Sacra”. Subliñou que se trata dunha iniciativa “que pensa o territorio dun xeito integral, aproveitando todas as oportunidades que ofrece, especialmente nun contexto no que seguimos a traballar para que a Ribeira Sacra acade o recoñecemento como Patrimonio da Humanidade”. A Deputación continuará colaborando no desenvolvemento das actividades da asociación, ao considerar que “o retorno para o territorio é moi importante e as oportunidades que se abren ligadas a este proxecto benefician de maneira directa á Ribeira Sacra”.

Severino Rodríguez agradeceu o apoio



da Deputación desde o inicio do proxecto, destacando que “sen a colaboración das administracións sería moi difícil poñer en marcha e consolidar unha iniciativa destas características”. Severino Rodríguez puxo en valor a importancia da cooperación entre institucións e axentes sociais do territorio para realizar un diagnóstico integral da Ribeira Sacra e buscar solucións ás súas necesidades desde unha perspectiva empresarial responsable e comprometida.

Arquivada a peza da Pokémon contra o exalcalde, un edil e o xefe da Policía Local

O Tribunal de Instancia da praza 1 da Sección de Instrución de Ourense acaba de acordar o sobresemento provisional e o arquivo dunha das pezas, a que imputaba nestes supostos ao que era, en 2012, alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez, do PSdeG; ao entón concelleiro de Tráfico, do BNG, Fernando Varela e a Abelardo Ulloa, xefe naqueles momentos da Policía Local da cidade.

O maxistrado conclúe que no caso destas tres persoas, “non se deducen indicios que nos leven a afirmar a realidade

dos feitos investigados”, isto é que os investigados reciben “distintas cantidades de diñeiro a cambio de favores que, de forma directa ou indirecta, dalgún modo, puidesen favorecer á mercantil Vendex”.

“Ningunha proba practicouse ao longo da presente instrución á hora de acreditar a realidade de tales afirmacións, máis aló da declaración prestada en sede xudicial por dúas coinvestigados”, explica o xuíz, á vez que subliña que “ditas declaracións non se consideran suficientes para poder fundar un escrito de acusación, ao non

estar acompañadas de indicios obxectivos que permitan corroborar tales afirmacións, especialmente se temos en conta que os tres investigados negaron, nas declaracións prestadas en sede xudicial, recibir calquera cantidade a cambio de favores relacionados coa súa actividade profesional”.

Recalca o auto que “toda a documentación obrante nas actuacións foi elaborada desde a mercantil Vendex, pero non consta que dita documentación logo véxase corroborada con efectivas entregas de metálico a autoridades ourensás ou que as mesmas



Francisco Rodríguez, exalcalde socialista de Ourense.

provocasen algún tipo de favorecemento por parte de autoridades ourensás cara á empresa”. O auto non é firme, pois cabe presentar recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.

O Bispado entregou os premios de arte infantil



O bispo Leonardo Lemos cos estudantes premiados.

Leonardo Lemos, bispo de Ourense, recibiu e felicitou aos nenos e nenas premiados no concurso de arte infantil convocado na provincia. No concurso de debuxo da revista Comunidade, o primeiro premio e portada da mencionada revista de decembro foi para Julieta Dasilva Fernández, alumna de 5º de Primaria, do Colexio Carmelitas. Houbo tamén accésist para Gala Témez Losada, alumna de 3º de Primaria do Colexio Salesianos; Isabella Caratar García de 1º de ESO de IES Otero Pedrayo así como para Naiara Mosquera Silva, da aula de Educa-

ción Especial do Colexio Carmelitas.

O prelado entregou os premios aos gañadores do concurso de fotos de beléns familiares, baixo o lema “Pon un belén na teu Nadal”. O primeiro gañador foi o neno, Adrián Salgado Gago, de dez anos e veciño da parroquia Santa María a Maior de Verín. Lucas Gómez Gómez, de nove anos, veciño da parroquia do Sagrado Corazón de Ourense e Breogán Medinaceli Carvalho, de cinco anos e veciño da parroquia de Santa María de Sobrado do Bispo, lograron as dúas mencións especiais como finalistas.

Convenio para ampliar zonas verdes na avenida Otero Pedrayo



O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, asinaron o convenio de colaboración para o desenvolvemento dun proxecto de refuxio climático na cidade. A iniciativa contará cun orzamento de 340.000 euros destinados a diversas actuacións na Avenida Otero Pedrayo.

O proxecto busca transformar esta arteria da cidade nun espazo máis resiliente fronte ao clima. Segundo explicou a conselleira, esta intervención conta co apoio

e o asesoramento estratéxico da universidade, o que garante unha base científica para as medidas de alivio térmico que se van implementar.

O alcalde de Ourense lembrou que esta é unha demanda histórica da cidade, considerada a máis calorosa do norte de España. Malia agradecer o investimento, o rexedor subliñou que “isto non vai acabar coa calor, pero si axudará a aliviala”, e instou tanto á Xunta como ao Goberno do Estado a manter unha colaboración que vaia máis alá dunha actuación anual.

Fundación San Rosendo rehabilitará edificios para residencia de maiores

A xunta de goberno local do Concello de Ourense acordou conceder cinco licenzas urbanísticas. Por unha banda, deu o visto e prace ao proxecto da Fundación San Rosendo para levar a cabo a rehabilitación de dous edificios situados nos números 3 e 5 da avenida de Pontevedra, (antigos almacéns La Verdad e Café Victoria, respectivamente), que se destinarán a residencia da terceira idade e apartamentos tutelados. O proxecto ten un orzamento de execución ma-

terial de 1.372.777,49 euros.

Na mesma sesión, a xunta local concedeu as licenzas para instalar un ascensor nun edificio na pasaxe de Valle Inclán, e para substituír e ampliar outro nun inmoble da avenida das Caldas. Tamén deu o visto e prace á legalización e ao remate das obras de reforma para a apertura dun local destinado a uso comercial na rúa Antonio Puga, e concedeu a licenza para a demolición dun edificio na rúa Marcelo Macías.



CONDADO/PARADANTA

Modernización do Museo Arabo

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil, e o presidente da GDR Condado Paradanta, Pablo Castillo, asinaron un convenio de colaboración para diversas actuacións de mellora no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea "Arabo", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea.

O custo total máximo do investimento destinado á implantación desta actuación ascende a 177.000,00€ (IVE incluído).



Este investimento permitirá reforzar e modernizar un espazo expositivo clave para a promoción cultural e turística do municipio.

Nace o Club da Lamprea

Arbo presentou o Club de Produto da Lamprea, unha iniciativa pioneira impulsada pola Deputación enmarcada no Plan de Sustentabilidade Turística do Condado e A Paradanta.

No Museo Arabo reuníronse Alcaldes e Alcaldesas da Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas e Salvaterra do Miño, así como corporacións destacadas destas comarcas como a GDR Terra e Auga, a Asociación Río Miño Natureza e entidades turísticas como Hotel La Rectoral, Casa O Frenazo, res-



taurante Os Pirús e as bodegas As Laxas e Marqués de Vizhoja. A Deputación investirá 120.000€ nesta entidade para, entre outros fins, recompilar información sobre a saúde das pesqueiras do río Miño e Tea a través da creación dun mapa virtual e esquemas 3D para a visualización e visita das pesqueiras en contornas dixitais.

Axudas para emprego e comercio en Crecente

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta, José González, reuniuse co Alcalde de Crecente, Julio César García-Luengo, con quen abordou as vías de colaboración co obxecto de aumentar a empregabilidade e potenciar o sector comercial do municipio. Entre estas iniciativas destacan as axudas para contratación en entidades locais actividades de información, orientación e busca de



emprego e potenciar o mercado municipal e establecementos comerciais a través dunha oferta agroalimentaria de calidade.

Itinerario peonil no CEIP Antonio Carpintero



O Concello de Arbo puxo en marcha o convenio de colaboración coa Xunta e a Deputación de Pontevedra para a mellora do entorno do CEIP Antonio Carpintero. O importe alcanza os 407.748,63 €. e consiste na

creación dun itinerario peonil en ambas marxes da vía mediante a execución de beirarrúas segregadas do tráfico motorizado e a adecuación dun espazo para a realización de cambios de sentido na contorna do P.Q. 0+180.

As Neves repartiu 112.000€ para asociacións

O Concello de As Neves repartiu un total de 112.195,31€ entre un total de 19 asociacións deportivas, culturais, veciñais, sociais, extraescolares e de comunidades de augas.

Foron así beneficiados por subvención nominativa e de concorrencia competitiva a Banda de Música de Rubiós, a Asociación Cultural Deportiva San Nomedio, a Asociación Cultural A Liñeira, As Neves Fútbol Club, Fútbol Sala As Neves, Club Badminton As Neves, Club Cornelios, Asociación de Festas Santa Marta de Ribarteme, Asociación Cultural Unitaria de Vide, Asociación de Mulleres Rurais EFA A Cancela,



Centro Cultural San Mamede, Comunidade de Usuarios Santiago de Ribarteme, Comunidade de Augas 3C, ANPA Eira da Liñaza, Comunidade de Usuarios Taboexa Norte, Asociación Cultural San Xoán de Cerdeira, Comunidade de Usuarios Tortoreos Liñares e a Fundación Amigos de Galicia.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Pontearreas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupoolong.com www.grupoolong.com

CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Pontearreas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Pontearreas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Renovación do pavillón Cándido Carrera

O Concello de Salvaterra ven de solicitar a través do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra a renovación das instalacións do Pavillón Cándido Carrera cunha financiación de 140.841,45€ a través do Plan +Provincia.

Os investimentos están enfocados na pista de xogo, que será substituída totalmente, debido ao uso prolongado; a mellora na recollida de augas pluviais da cu-



berta, a mellora da ventilación; visoria da pista. e a instalación dunha cortina di-

Reforma integral na Casa de Cultura

O Concello de Salvaterra iniciou as obras de reforma integral para a humanización do Parque Público da Casa de Cultura de Salvaterra, creando un espazo totalmente novo, un proxecto de máis de 257.000€ financiado a través do Plan +Provincia da Deputación Provincial. A reforma inclúe a instalación dunha pista polideportiva, novos espazos de lecer e o cambio do peche perimetral e dos accesos.



Éxito nas xornadas do patrimonio en Fornelos e Lourido

Unhas 200 persoas participaron nas xornadas sobre o patrimonio das parroquias de Fornelos e Lourido realizadas no Centro Cultural A Carballeira na parroquia de Fornelos e organizadas pola Asociación Lazoiro e a Asociación Veciñal e Cultural de Fornelos da Ribeira e Lourido.

As xornadas acolleron exposicións e andainas para coñecer o patrimonio local, proxeccións, fotografías, recortes de periódicos, escritos e a presentación do libro O Crime de Salvaterra de 1911 de



Antón Lorenzo González, "Xaque", sobre o asasinato de Francisco Rodríguez "Pancho", un agrarista da parroquia de Lourido.

Mural no IES Salvaterra



O equipo directivo e o alumnado do IES de Salvaterra, en colaboración co Concello e a empresa Concepto Circo de Lugo, iniciaron os traballos de pintado dun mural no muro da estrada fronte ao instituto educativo, co fin de mellorar a súa estética.

Turismo de récord con máis de 500 persoas

Un total de 578 persoas pasaron polas dúas oficinas de información turística de Salvaterra, o Punto de Información Turística (PIT) da Canuda e o Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea / Punto de Información Turística Rías Baixas, veñen de pechar o ano 2025 cun balance moi positivo, tanto en número de visitantes como na

actividade xerada arredor do turismo, a cultura e o lecer sostible.

Do total de usuarios e usuarias, 181 persoas están empadroadas no Concello. Ademais, 217 persoas (38 %) proceden da Eurocidade Salvaterra-Monção. O turismo internacional estivo representado por 59 persoas usuarias, das cales 45 foron de nacionalidade portu-

guesa, o que confirma a forte conexión co país veciño.

Pola súa banda, o Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea rexistrou entre abril e decembro de 2025 un total de 2.425 visitantes, unha cifra que case duplica os datos de 2024 (1.391 visitantes) e que sitúa este exercicio como o segundo mellor ano dende a apertura do museo en 2019.

Mais de 11.000 usuarios na Biblioteca Municipal

De acordo ao Concello de Salvaterra, dende que se inaugurara o novo sistema de acceso á Biblioteca Municipal o pasado mes de marzo xa son máis de 200 as tarxetas entregadas ós usuarios e usuarias que a solicitaron, permitindo así o acceso de máis de 11.000 usuarios rexistrados durante este 2025. O ano remata



tamén con datos positivos en canto a préstamos, superando os 2.100.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

Talleres Guiller Motor

Pozo-Lira, 24

36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG)

TALLERES

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño

Tel: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Recuperada a senda do río Caselas

Grazas ao convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o Concello de Tui recuperou a senda fluvial do río Caselas, unha vía de 1,3 quilómetros no que se restauraron os Muíños do Medio, no Souto de Arriba, e da Seña.

Coas obras xa rematadas, unificáronse dous espazos naturais privilexiados: a senda do Miño entre Tui e Caldelas, e a senda peonil do Caselas que comunica con Salceda. As obras supuxeron un investimento de 935.000€, dos que a CHMS aportou 748.000 e o Concello 187.000€. Está igual-



mente por concretarse a sinatura dun convenio para un novo paso

sobre o Louro debido aos problemas de afundimento do actual.

Tui, referente cultural en 2025

Segundo informou a concelleira de Cultura Sonsoles Vicente, Tui pechou este 2025 como referente cultural na provincia de Pontevedra, cun 39% do gasto cultural a nivel provincial, segundo reflicte o informe publicado polo Consello da Cultura Galega.

Entre as actividades culturais destacan as realizadas no Teatro Municipal, con máis de 15.000 persoas que asistiron a estes eventos; o convenio entre a AGADIC e o Concello para a xestión de eventos a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios; o Play Doc; o IKFEM; o Festival de Teatro Grecolatino; Cine nas Aulas,



o programa + Escénicas; os premios Cidade de Tui; a Gala do Deporte, a semana do Teatro Amador; festivais folclóricos; Música no Claustro; e as actividades nas

ANPAs, entre outros. Vicente destacou tamén a acollida ás iniciativas levadas a cabo no Espazo Sociocultural da rúa Camilo José Cela, inaugurado este 2025.

Tui destaca no Camiño Portugués en 2025

O Camiño Portugués acadou a cifra de 100 mil peregrinos e peregrinas neste 2025, de acordo aos datos estatísticos da Oficina do Peregrino da Catedral de Santiago.

Tui é o primeiro lugar elixido polos peregrinos do Camiño Portugués para comezar a súa peregrinación a Compostela, en concreto foron un total 41.553 peregrinos, que supoñen o 41,83% dos peregrinos que realizan esta ruta xacobeá. En segundo lugar figura Porto e Va-



lença. Entre os peregrinos estranxeiros destacan Portugal, EEUU e Alemaña. A nivel estatal figuran Andalucía, Madrid e Comunidade Valenciana.

2.000 corredores na San Silvestre Solidaria



A IV San Silvestre Solidaria reuniu a 2.000 participantes este 31 de decembro percorrendo as rúas tudenses, a Praza San Fernando, o Paseo Fluvial na beira do Río Miño, o Paseo da Corredoira e o conxunto

histórico nunha proba organizada conxuntamente polo Concello e o Club Atletismo Tui. A solidariedade estivo tamén moi presente a través das doazóns realizadas para a Asociación Española contra o Cancro.

Cidade Amiga da Infancia para 2026

O Concello de Tui aspira a ser recoñecida formalmente como Cidade Amiga da Infancia ao longo deste 2026. Para iso o Concello asinou un convenio con UNICEF para iniciar este proceso, creou unha mesa de coordinación interna, e puxo en marcha grupo de participación infantil e xuvenil, ParTUIcipando, que ten incorporado novos

membros nos últimos meses.

Amais elaborouse un diagnóstico da situación da infancia e da adolescencia no municipio, que serviu de base para a elaboración do Plan Municipal da Infancia, aprobado en maio pasado en pleno municipal. Como resultado deste traballo previo, Tui foi seleccionada hai unhas semanas coma cidade candidata.



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

LOVECARS[®]
www.lovecars.es

Balance do POCTEP 2021-2027

O Alcalde Enrique Cabañero, e a Tenente de Alcalde, Ana Núñez acolleron aos representantes da Comisión Europea, da Xunta, das Juntas de Castela-León, Extremadura e Andalucía, das rexións do Norte, Centro, Alentejo e Algarve, do gobernos de España e Portugal e outros organismos sectoriais e municipais na reunión anual do Comité de Seguimento Interreg España-Portugal POCTEP 2021-2027.

Destacando a solidez da cooperación transfronteiriça entre Tui e Valença, a reunión informou sobre os proxectos do programa Unicidade 2030 que recibirá máis



de 500.000€ do POCTEP; as características do proxecto Visit Miño Plus en execución ata decembro de 2026; e a planificación do traballo para o vindeiro período 2028-2034.

Gañador do Concurso de Postal de Nadal



Adrián de Sousa Martín, alumno de sexto curso de EP no CEIP de Pazos de Reis, resultou gañador do Concurso da Postal de Nadal do Concello de Tui, conmemorativa do 800 aniversario da Consagración da Catedral.

O segundo premio recaeu en Eduardo Ríos González, do Colexio "Santa María" Maristas de 6º curso de E.P. e o terceiro premio correspondeu a Sara Montes Vaz

de 4º curso de E.P. tamén do CEIP de Pazos de Reis. Os premios consisten nun lote de material de debuxo e material educativo para cada un dos galardoados, xunto o diploma acreditativo. Neste concurso participaron máis de 120 alumnos dos centros educativos CEIP de Pazos de Reis, de Randufe, de Caldelas, de Guillarei de Rebordáns e Colexio Santa María – Maristas.

Bolsas para deportistas internacionais

A Concellería de Deportes fixo entrega das bolsas deportivas a nove deportistas tudenses que participaron en competicións internacionais ao longo do ano 2025. Os importes concedidos oscilaron entre os 700 e 1.800€.

Os deportistas que recibiron estas becas foron: Iván Alonso Lage (8º posto no Campionato do Mundo de Maratón en Győr-Hungría), Vera Álvarez González (9º posto na Copa da Xuventude en Linz-Austria), Lara Feijóo Pérez (3º posto en barco dragón nos Xogos Mundiais en China), Tania Fernández García (1º posto no Campionato do Mundo de Maratón en Győr-Hungría), Manuel Garrido Barbosa (2º posto no Campionato



do Mundo de Maratón en Győr-Hungría), Jesús González Álvarez (7º posto no Campionato do Mundo de remoergómetro), Carlota González Gil (7º posto no Campionato de Europa de Remo de Mar en Antalya-Turquía), Matías

Valentín Otero Ezcurra (9º posto no Campionato do Mundo Sprint en Milán-Italia) e Nuria Romero Gómez (6º posto no Campionato do Mundo de Descenso de Augas Bravas en Ceske Budejovice-Repubblica Checa).

"Lectores de honra" na Biblioteca Municipal

A Biblioteca Pública Municipal de Tui celebrou o "Día dos usuarios das Bibliotecas Públicas" recoñecendo aqueles usuarios máis lectores de

2025 nas categorías de infantil e adultos.

Os usuarios infantís con máis préstamos foron: Pedro de 11 anos 218 préstamos; Rita de 6

anos con 118; e Xulio de 11 anos con 112. Na categoría de adultos foron: María Isabel con 102 préstamos; María con 82; e José Juan con 73.

Reformas nas instalacións deportivas



O Concello de Tui investirá 82.000€ de fondos propios para a reforma de infraestruturas, iluminación LED e mantemento das súas instalacións deportivas municipais.

Entre as actuacións destacan o mantemento e mellora do pantalán situado na rúa Olímpicos Tudense que é empregado polos

deportistas de piragüismo e remo de Tui; a instalación de novas luminarias LED no Campo Municipal de Fútbol "O Foxo" de Caldelas; un novo sistema de megafonía no Pavillón Deportivo Municipal Vello; e a adquisición de catro marcadores electrónicos nos catro campos municipais de fútbol.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

En defensa da Mancomunidade do Val Miñor

Os voceiros do BNG en Gondomar, Baiona e Nigrán presentaron un total de 20 emendas á modificación dos estatutos da Mancomunidade do Val Miñor na que contemplan a ampliación das competencias, fomentar a participación veciñal e fortalecer o papel da entidade supra-municipal fronte á pretensión do PSOE e do PP de “baleirala de contido”. Entre as emendas presentadas destacan “eliminar a linguaxe sexista e



substituíla por unha redacción inclusiva”, así como a utilización do topónimo correcto do Val de Miñor.

Orzamentos “históricos” para O Rosal

O Concello de O Rosal aprobou unha “contas históricas” que ascenden a 6,25M€ para este 2026 con prioridade no benestar social, educación, cultura e deporte así como investimentos en infraestruturas e servizos públicos. Destacan así a reforma integral do Auditorio Municipal, seguridade viaria nas parroquias, substitución da coberta do pavillón municipal Javi Díaz, reforzamento do SAF, a Escola de Saúde, mellores no campo de fútbol de A Mata e a redacción de proxectos como a Casa Escola de Novás e a Escola de San Miguel.

En resposta, a oposición liderada polo voceiro do PP, Carlos



Rodríguez, criticou que estes orzamentos son “maquillados e pouco realistas” e que presuntamente “esconden un recorte de 500.000€ en funcionamento or-

dinario do Concello”. Rodríguez tamén indicou que as contas aprobadas “incorporaron 700.000€ do Plan Extra da Deputación de Pontevedra”.

Situación “insostible” para o transporte no Baixo Miño e Val Miñor

A deputada provincial do BNG e concelleira en Gondomar, Manuela Rodríguez Pumar, esixiu que a Xunta elabore un novo proxecto de explotación do transporte interurbano no Baixo Miño e o Val Miñor para

mellorar a calidade do servizo á veciñanza.

O BNG alerta de que a situación “é insostible” desde que a UTE Lugove foi a empresa adxudicatária para xestionar este servizo, con incumprimentos continuos en fre-

cuencias, rutas e estado dos autobuses, especialmente de cara ao campus universitario de Vigo (CUVI), a outros centros educativos ou aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro.

Premios de Excelencia Académica



O Concello de Oia celebrou a entrega da primeira convocatoria dos Premios de Excelencia Académica para o curso 2024/2025. Foron

premiados alumno/as dos IES Primeiro de Marzo e do CEIP Mestre Manuel García nas categorías de Bacharelato e Primaria, con premios valorados entre 300 e 100€.

Trail Muíños de Folón 2026



Organizado por NOKAO, en colaboración co Concello do Rosal e a Comunidade de Montes, a proba Trail Adventure Muíños de Folón 2026 se celebrará o 22 de febreiro de 2026 cun máximo de 250 corredores de toda Galicia

para percorrer un espazo natural declarado como Ben de Interese Cultural (BIC) por parte da Xunta. A proba contará con dúas modalidades: Advance 21K, con distancia de 21 quilómetros; e Adventure 12K, percorrido de 12 quilómetros.

A Eurocidade Intelixente

O Concello de Tomiño conseguiu 400.000€ de fondos europeos para impulsar o proxecto da Eurocidade Intelixente a través dunha iniciativa conxunta con Vila Nova de Cerveira e a UVigo. O obxectivo é consolidar o Parque Agroindustrial, que actualmente está en tramitación urbanística.

O orzamento total deste proxecto alcanza os 520.000€, estando prevista a elaboración dunha Axenda Estratéxica de Especialización Intelixente e Transición Industrial, o mapeo do tecido empresarial e dos axentes crave da Eurociudad, así como a formulación dun plan estratéxico conxunto para os próximos anos.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Un prolífico 2026 para a AECT do Río Minho

A AECT do Río Minho aprobou o Plano de Actividades e o Orzamento para 2026, cun valor total de 713.550€, un 24% superior ao 2025.

O director da AECT, José Manuel Vaz Carpinteira, informou que este 2026, a entidade pretende afondar o Pacto do Río Minho cos 26 municipios membros, destacando igualmente a concreción das Axendas Urbanas Transfronteiras, o reforzo do Observatorio do Territorio coa aplicación do 112 Transfronteiriño, a gobernanza conxunta do río Miño, a conclusión do Visit Río Miño Plus, as pontes



peatonais As Neves-Monção e Friestas-Caldelas, as candidaturas ao ECOFRONT_MIÑO, que prepara o territorio para a futura Reserva da Biosfera, o proxecto Ribeiras Vivas, e a Cross-Border Coordina-

tion Point (CBCP), no ámbito da iniciativa europea BRIDGEforEU, a través da cal poderá asumirse como o primeiro punto CBCP na fronteira luso-española.

35 anos ao fronte da Banda de Mougás

O Concello de Oia e a Banda Unión Musical de Mougás celebraron un acto especial de recoñecemento a Gabriel Rodríguez, quen pechou unha etapa de 35 anos á fronte da agrupación. A homenaxe, celebrada no marco do tradicional Concerto de Nadal e coincidindo coa festividade de Santa Uxía, patroa de Mougás, reuniu a veciñas e veciños, familias, amizades e representantes institucionais nunha xornada marcada pola música e a emoción.

Ao longo do recital, a banda



incluíu obras compostas polo propio Gabriel, entre elas Isabel Rodríguez Portela —dedicada á súa nai—,

Vamos de parranda e Mágoas e lelicias, pezas moi queridas pola agrupación e pola veciñanza.

Décimo aniversario do Camiño Portugués pola Costa




O Concello de Baiona celebrará en 2026 o décimo aniversario da declaración oficial do Camiño Portugués pola Costa, instaurado grazas á iniciativa da Asociación Amigos de los Pazos. Mais de 300.000 peregrinos teñen pasado por Baiona durante estes dez anos desta ruta que cruza o

río Miño pola Guarda.

Para organizar os eventos deste décimo aniversario, o Alcalde Jesús Vázquez Almuiña recibiu a visita do colectivo Amigos de los Pazos, representado pola súa presidenta Yashmina M^a Shawki-Aziz, e os vogais Grato Amor Moreno e Gonzalo Prado González.

Álex Sierpes, campión de Galicia Sub20 de cross

O guardés Álex Sierpes Pereira, do Vicky Foods Athletics, proclamouse campión de Galicia Sub20 de cross celebrado en A Rúa (O Barco de Valdeorras) Sierpes, que se estreaba nesta categoría, representará agora a Galicia no Campionato de España de Federacións.



Renovación e melloras nos parques infantís

O Concello de Baiona realizou un investimento de 36.255,45 € para renovación, mantemento e pavimentación dos parques infantís localizados en A Palma, Dolores Agrelo e A Galiña Azul así como aqueles nas parroquias de Fontes, Portameán, A Granxa e A Rega, o parque da Ladeira, Sabarís e Santa Marta. Nos traballos exe-



cutados destacan melloras nos xogos de calistenia, columpios dobres para bebés, tirolinas, ban-

cos, valados perimetrais, pintado e conxuntos de multixogos, entre outros.

Gondomar honra ás Rondallas

O Concello celebrou o XLIII Certame de Rondallas de Gondomar, na que foron distinguidas aquelas persoas que manteñen viva esta tradición como Manuel Rial, Pirri, e Secundino Cambra, da parroquia de Chaín; Casimiro Rodríguez e Crisanto Figueroa, de Vincios; e Justo Figueroa, de O Freixo, a título póstumo. Todos



ellos recibiron os títulos de rondalleiro e de abanderado maior deste certame.

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS
VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

INMOBILIARIA
VAL MIÑOR
Tlf. 986.369.976 - Móvil: 639.894.796
inmovalminor@inmovalminor.com
Avda. de Elduayen, 22 baixo. 26380 - Gondomar
Síguenos en
www.inmovalminor.com

O Tunel
apas
Desde 1947
986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

MISCELANEA

Zona Franca aposta pola Igualdade de Xénero Empresarial

O Comité Executivo da Zona Franca de Vigo aprobou o Plan de Actuación anual para 2026 cuxa novidade destaca o impulso do novo Programa ARDÁN de Igualdade de Xénero Empresarial, para promover políticas activas de igualdade na xestión empresarial e o liderado corporativo.

Este Plan de Actuación prevé investimentos de 84M€ para a creación de novo chan industrial, para a atracción de proxectos, o fomento do emprendemento e da sustentabilidade e competitividade empresarial, a mellora continua e a dixitalización dos procesos de traballo e o estímulo do coñecemento.

Destacan así a construción do VgoTIC Global HUB en López Moura,



que acollerá a incubadora de Alta Intelixencia StartTIC; a ampliación do PTL de 252.484 m2, do Parque de Balaídos e da PLISAN; a planta de hidróxeno no Parque de Bouzas; o estudo de viabilidade para o World Car Center; a reordenación urbana da ETEA; a do novo centro

de negocios de Redondela; o estudo de viabilidade para o desenvolvemento da Fase II do Parque Empresarial da Pasaxe en Gondomar; e a formalización de convenios para futuros parques empresariais en Caldas de Reis, Cuntis e A Cañiza, entre outras iniciativas.

Comité Nacional Extraordinario do PSdeG-PSOE



Tras ser acordado pola Comisión Executiva Nacional Galega, o día 10 de xaneiro, o PSdeG-PSOE celebrou un Comité Nacional Extraordinario en Santiago de Compostela, que marcou o inicio do ano político da organización e ser-

virá para definir un calendario de accións de cara ás vindeiras eleccións municipais. Entre os asuntos a tratar destacaron a análise das denuncias sobre presunto acoso sexual e laboral así como as actuacións e decisións adoptadas polo partido.

Sumar Galicia pide a “nacionalización da AP-9”

Tras anunciar que reclamarán “a nacionalización inmediata e urgente da AP-9”, o secretario xeral de Movemento Sumar Galicia, Paulo Carlos López, anunciou que enviará unha carta ao ministro de Transportes, Óscar Puente, coa finalidade de que veña a percorrer a AP-9, desde Ferrol ata Tui e volta.

“Pero que convide él”, sinalou, indicando que o ministro debería traer a súa propia tarxeta de crédito persoal, non a do Ministerio, para ver qué lle parece o



prezo de cada quilómetro, e así coñecer de primeira man a realidade desta autoestrada que, a partir de 2026, “rexistrará unha das maiores subas do século”.

Impulso á produción ecolóxica

O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerriño, e o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, mantiveron unha reunión con representantes da Asociación de Produtores Ecolóxicos de Galicia (Procegal) para levar a cabo iniciativas que impulsen a produción ecolóxica. Galicia conta con máis de 45.400 ha de superficie cultivada en ecolóxico, cuxos produtos amparados baixo este distin-



tivo acadan un valor económico estimado de máis de 111.000€.

+55

Pompas Fúnebres del Condado

2013-2014

Gracias

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO



Compartimos a vida



MISCELANEA

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Cartas a meu pai

Aí titulei a libreta na que desde hai anos veño escribindolle cartas póstumas de agradecemento a meu pai polas ensinanzas recibidas. Nelas relatolle lembranzas que vivimos xuntos cando aínda cativo andaba da súa man polos camiños de Mourigade, a nosa aldea. El cunha fouce nunha man e unha vara na outra íame dando explicacións sobre todo o que nos rodeaba. Tiña a sabedoría propia das xentes que viviron en contínuo diálogo coa natureza e tradicións das que aprenderon empíricos saberes.

A primeira lección que me deu foi ao pé dunha torada de carballos. Explicoume o significado da palabra cerna e o significado dos seus círculos concéntricos. Polo número deles sabíase os anos que tiñan e pola súa delgadez ou grosor se os anos foran abondosos en chuvias ou secos. Con esa aprendizaxe fun feliz porque tamén eu podía dialogar coa natureza.

Foi el quen me puxo ao tanto da existencia de guerrilleiros antifranquista nos montes, nomeadamente de Benigno García Andrade, “O Foucellas”, o máis célebre, quen pola súa intelixencia e audacia puido fuxir das celadas que lles facían as forzas represivas. Leccións de historia que só sabían os que a sufriran.



Nos ribazos nacían herbas e plantas diversas, das que el coñecía os seus nomes e as propiedades curativas. Unhas servían, tal era o caso da ruda fervida, para eliminar as lombrices intestinais que tan comúns eran nos nenos; outras, para eliminar as verrugas e herpes, por poñer algúns exemplos. Eu, que observaba como os cans e gatos ás veces comían herbas sen saber por que, aprendín por el as razóns: facíano

por instinto para provocar gomitos e botar fóra calquera materia non desexada que lles facía mal no estómago.

Asorado quedei, cando souben que as teas de araña eran moi beneficiosas para controlar as hemorraxias de sangue. Remedio que lle aplicaran a el sendo neno cando cun machado involuntariamente fixera un corte profundo na man; abondou con envolverlla con teas de araña. Moitos anos despois souben que teñen a profiláctica vitamina K para coagular o sangue.

Pero a lección máis sorprendente de arquitectura aprendína cando debía ter cinco anos. Resulta que meu pai quería derrubar un ribazo de cachotería. Pedíulle aos veciños que lle botasen unha man. Un domingo apareceron sete ou oito homes dispostos con cadansúa ferramenta na man. Mais foi o caso que o meu tío Jesús, que ía dirixir o traballo, demorara a chegada; daquela meu pai ordenou que non se fixese nada sen a súa presenza. Mentres, eu enredaba coa carretiliña que me fixera o día anterior. Os homes facían chanzas a miña conta. Cando chegou meu tío o primeiro que fixo foi apalpar os cachotes. Feita a pertinente análise pediu unha marreta. Golpeu nunha pedra e derrubouse de vez boa parte do valado. O que parecía que ía ser traballo de horas realizouse en pouco tempo. Xa sendo eu adulto pregunteille a un amigo arquitecto

a razón do proceder do meu tío. Atopou a pedra sobre a que actuaban as forzas gravitacionais, díxome.

Sendo como foi un reputado artesán da ebanistería (realizou delicados deseños do arquitecto Gómez Román), con pouca escola, explicoume un día que o galego era un idioma que se falaba con variantes (descoñecía as palabras dialéctos e isolinguas), “por iso hai palabras que se usan nun sitios e outras noutros”, matizou. E púxome varios exemplos: nunhas comarcas dise man, e noutras maos ou mas. Moitos anos despois aprendín nos tratados de dialectoloxía o que el sabía coloquialmente por terlle escoitado explicar nas tabernas da rúa compostelán do Franco aos intelectuais galeguistas en tempos da República para os que facía mobles. Daquelles tempos son as súas lecturas da obra rosaliana.

A meu pai débolle a miña formación iniciática nacionalista, que foi socrática nas súas orixes. Del aprendín a importancia de interpretar a realidade cotiá valéndome da intuición, que tan útil me foi cando carecía de información racional. E tamén o alcance da lealdade e solidariedade. Por iso lle sigo a escribir cartas a cada pouco agradecéndolle todo o que me ensinou.



Por Nemésio Barxa

Normativa ortográfica

Neste principio de ano non é ocioso lembrar as propostas ortográficas, tamén morfológicas, para un emprego correcto do galego; Vem a conto da sent. 02.02'25Em 02.10.25 do TSXG negativa sobre a admisión do galego lusista en escritos dirigidos á Administración pública galega. A sentenza responde a un recurso contencioso-administrativo interposto pola “Fundación Ernesto Guerra Da Cal” contra a negativa de Xunta a tramitar e inscrever a documentación anual, obrigatória, com grafia lusista ou portuguesa; é dizer, com a grafia que utilizo neste e o resto dos artigos por mim publicados em revistas livros e jornais. Parece coerente que esta Fundação, tributo de reconhecimento a uma figura tanto desconhecida como universal, que passou parte da sua vida no exílio em Nova York, desde onde contribuiu a difundir e projetar a cultura e literatura galegas internacionalmente, que manteve um firme compromisso político e ortográfico defendendo a unidade da língua galego-portuguesa e o mundo da lusofonia, continue no uso e defesa de aqueles princípios; incoerente seria a



dita Fundação se empregasse em seus escritos a norma RAG ou Xunta; e intransigente quem se negara a admitir os escritos da Fundação na norma defendida polo titular, figura excepcional da nossa cultura. Pois bem, a intransigência deu-se, o desprecio e falta de retribución a tanto des-

tacado personagem, ocorreu, pola absoluta falta de sensibilidade da Xunta ou tal vez ignorância. E colocarem á Fundação no dilema de apresentar o informe anual na norma politicamente imposta e contraria á sua própria filosofia ou interpor um recurso de duvidoso resultado ante o TSX.

O Tribunal, na sua sentenza, reconhece a existência do conflito ortográfico, que considera legítimo, mas igualmente considera que deve resolver-se em outro cenário pois a justiça só aplica a lei que, neste caso, é a de Normalização Lingüística que determina que a norma oficial aplicável corresponde ao critério de autoridade da RAG. E já sabemos qual é seu critério.

O TSX sempre admitiu meus escritos num reintegrado brando que excluía os dígrafos, mas utilizava o “m” final e incluso a “ç” e o “v”. Também o Tribunal ditou alguma sentenza em reintegrado e quando vim rejeitado pola ortografia um dos meus escritos solicitei do Presidente da RAG, daquela Gª Sabell, opinión, que me deu por escrito validando meu texto por responder a uma das variedades do galego admitidas. Daquela o movimento reintegracionista deveu transmitir á sociedade a importancia da unidade idiomática na sua grafia. Mas as associações reintegra-

cioistas perderem o tempo em discussões filológicas ou académicas convertendo-se em redutos intelectuais sem transcender nem á política nem ao povo. Polo que segue a ser necessário divulgar a importancia do achegamento á norma internacional do galego-português-brasileiro, como único caminho da salvación do galego no mundo a que pertence, o mundo da lusofonia, ou velo convertido num “patois” do castelhana, com pai rejeitado e mãe que o despreza. A proposta non é nova, já Xoan Vicente Viqueira é considerado o primeiro reintegracionista depois do 1.900, importantes vultos seguirem a luta polo achegamento ortográfico do galego portugués.


Não parece difícil compreender que o galego, fortemente erosionado polo castelhana, como idioma isolado tem um futuro bastante incerto, sem base histórica nem filológica, que favorece as pretensões extintivas do centralismo, deixa sem contido a RAG e estéril a luta no nacionalismo (BNG) por a normalização do uso do galego. Para pensar.



O galeguismo democrático fronte ao extremismo

Galicie, Euskadi, Catalunya, Gales ou Escocia presentan un comportamento electoral ben diferente ao de moitos países veciños ou ao das capitais dos seus propios estados. Nestes países, até de agora (e con certas e, de seguro, moi transitorias correccións no caso catalán) o nacionalismo democrático e inclusivo ten xogado un rol fulcral para evitar o suceso das extremas dereitas. En moitos países, a extrema dereita medra apropiándose do concepto de "nación", "patria" e "identidade" fronte a un mundo globalizado. Porén, na Galicia, Euskadi ou Escocia, a identidade nacional xa está ocupada por partidos que teñen unha visión integradora e progresista. Velaí que, cando un cidadán quere defender a súa identidade ou o seu territorio ten opcións políticas de seu (como o BNG, o PNV, Bildu, JuntsxCat, ERC, SNP escocés ou Plaid Cymru galés) que desenvolven esa función desde unha óptica inclusiva e democrática.

A extrema dereita adoita sinalar como "inimigo" ao inmigrante ou ás minorías. No soberanismo destas nacións, o "outro" ou a "ameaza" non adoita ser o de fóra,



senón o centralismo do Estado. O foco ponse na reclamación de máis autogoberno, na defensa da lingua e da cultura propias. Tamén, agás en Euskadi, dun financiamento acaído para mellorar os servizos públicos locais que garantan o benestar común dunha cidadanía á que non se lle pregunta onde naceu.

Isto despraza o discurso do odio cara un discurso de reivindicación de dereitos políticos e sociais. Por outra banda, Galicia ten e estas nacións adoitan ter unha cultura política moi ligada ao territorio e

á proximidade. En Gales e Escocia cadanseu nacionalismo ten raíces moi fortes nas comunidades mineiras e industriais, o que crea unha barreira contra o populismo extremista de Nigel Farage (onte á fronte do

antieuropeo UKIP e arestora á fronte do Reform UK). Na Galicia, Cataluña e Euskadi existe(aínda que no noso caso haxa quen non o acredite) unha mesta rede de asociacións culturais, veciñais, sociais e sindicais moi activa. Onde hai unha comunidade forte e organizada, é máis difícil que sexan hexemónicas as mensaxes individualistas e autoritarias.

Por outra banda, a afirmación da lingua de noso actúa como un elemento de integración social que define a nación pola súa cultura e non por unha "raza" ou unha exclusión. Ser galego, catalán ou vasco adoita entenderse como "vivir e participar" nesa cultura, o que é un concepto máis aberto que o que propón a extrema dereita británica pro inglesa, francesa ou española esencialmente vencelladas ao nativismo supremacista. Fronte a este supremacismo, o galeguismo democrático (hoxendía hexemoni-

zado polo BNG) é transversal e inclusivo: somos galeg@s @s que traballamos e vivimos na Galicia.

As políticas ambientais, de defensa do territorio e de xestión dos recursos naturais que propoñen estes soberanismos democráticos e inclusivos (dende logo arestora o BNG na Galicia) entenden que as autonomías alimentaria e enerxética son esenciais, abeirando ás comunidades locais agrarias, gandeiras, pesqueiras e marisqueiras fronte ás solucións de trazo groso do ecoloxismo globalista, entre elas os macroparques eólicos promovidos por empresas foráneas para producir enerxía que se consumirá fóra do noso País sen que tiremos beneficio ningún dos seus custos ambientais, paisaxísticos e económicos. O que tamén pecha de vez o camiño á demagogía pseudoruralista de Vox, Reform UK ou Front Nationale.

Nos primeiros meses de 2026 ollaremos un grande progreso de Vox nas eleccións andaluzas, aragonesas e castelán-leonesas. Mais tamén ollaremos como o SNP escocés e o Plaid Cymru galés impedirán o bo suceso do Reform UK de Farage. Teñan por certo que o que vai suceder naquelas nacións británicas axustarase moito máis ao que vai pasar na Galicia nos vindeiros tempos.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Preparando o novo ano

Certo é que todos temos ausencias sentidas nas que facer rexurdir algunha tensión de nostalgia, onde apostrofar pensamentos que narren a nosa propia identidade, medio rota, nos tempos que nos levan e argumentan testemuños que sobreviven e funcionan como espello da nosa historia. Historia arrancada das súas propias raíces, das nosas raíces. Son como ecos que aínda resoan.

Certo é que todos temos preguntas sen resposta e aquela sensación de que nalgún momento perdemos a parte fundamental do guión, que xa non poderemos recuperalo. Pero é precisamente aí onde nos recoñecemos humanos e imperfectos, vulnerables, con riscos e medos. Tanto individual como colectivamente. Inmersos nun proceso de renovación que nos obriga a non deixarnos vencer, rexurdir de novo das propias cinzas,

sen deixarnos caer no desespero nin na frustración, sequera no remordemento. Aprendemos a recoñecernos nesas derrotas cotiás e na obriga de erguer, sen resignación, sempre con forzas para desde o sosego conseguir saír do silencio e formar un corpo de resistencia contra tanta ameaza, dentro e fóra. Os medos son para vencelos. Podemos poñernos en pé e sacudir a roupa, respirar de novo, buscar luz a un ritmo de encontrar camiño e de atoparnos.

Non é un capricho estético, non. É a única forma de darlle relato aos sucesos, de avanzar de novo, de construírnos entre os anacos da desfeita. Sen esquecer, sen esmorecer. Pasando a carón dos precipicios e saíndo dos baleiros, na diáspora dos orfos que fomos salvados e perdidos ao mesmo tempo. Esa é a maxia que nos

acontece. Pero a maxia non xorde, hai que buscala e provocala. Tamén coa dor e ao mesmo tempo coa voz ergueita. Debemos fuxir dos medos que paralizan, que confunden, que ameazan e resultan macabros, cheos de odios e morte, de abismos, de ex-patriacións, de coitelos, de sangue, de vampiros e de arañas, de sustos, de ultramundos cheos de sombras, de prexuízos, de intrigas, de terrores e de horrores, de ambicións tolas e sufridas, de ameazas e desgrazas, de pesadelos e treboadas. Debemos saír dos medos, vencelos. Familiarizarnos con eles e pasar deles. Conxurarnos para vencelos en calquera cerimonia. Debemos reaccionar no medio da parálise que nos provoca, aínda que só sexa para berrar e convocalo, chamándolle mequetrefe. Rindo diante del e ríndonos de nós, da súa parafernaliña, dos seus lixos residuais, eses que olen a pólvora, a cera, a plástico de montaxe. Ese espectáculo cheo de mentiras e de números, de mortos e argumentos incitadores das masas, onde manipulan e

condicionan, onde nos someten. Os medos son para vencelos, para non deixar que escureza a verdade nin nos fagan desprendernos do sentimento de humanidade, idiotizándonos coa acumulación de vinganzas e de odios, de acoso en todas as súas versións, de acomplexamentos infundados, ridículos en modas, dos viti-mismos que -agora- exercen os verdugos. Con toda a cara. Bombardeos baixo fobias e filias. Asustados silencios dos humildes, irresponsabilidades nefastas que todos os días vemos e, aínda así, prevalecen os silencios. Si, silencios consentidos e consentidores de novas vergoñas, de malos-tratos, de inxustizas, de xentes sometidas e escravizadas dun poder nefasto que axita o mundo. De todas formas, e sen medos, que teñamos un vindeiro ano que os bote fóra e queime os ventos negros.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

“Ponte...nas Ondas!”, referente mundial de patrimonio inmaterial

Catorce experiencias de referencia co patrimonio inmaterial inauguraron en Nova Delhi (India) o proxecto piloto da Plataforma da UNESCO, coincidindo coa 20ª sesión do Comité Intergubernamental. Entre elas, o modelo Ponte... nas Ondas! (PNO!) de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) foi recoñecido como “modelo e inspiración a nivel internacional”.

A UNESCO decidiu incluír a PNO! na versión de lanzamento en 2026 desta Plataforma destinada a compartir boas experiencias



en materia de protección patrimonial valorando a súa innovadora estratexia en educación, comunicación e patrimonio. Do mesmo

xeito, a UNESCO renovou a acreditación de PNO! como ONG consultora, a única en Galicia con esta distinción.

Galicia destaca en Europa e China

Con motivo do 40º aniversario do ingreso de España na UE, a presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, salientou algúns dos investimentos máis relevantes que Bruxelas ten realizado, neste caso en Galicia, como é o novo complexo hospitalario da Coruña

pero tamén o factor cultural, turístico, relixioso e de patrimonio que en clave europeísta supón o Camiño de Santiago.

Pero as referencias a Galicia tamén chegaron a China. O “Diario do Pobo” (“People’s Daily” pola súa versión en inglés) o órgano oficial do Partido Comunista

Chinés e un dos diarios con maior tiraxe a nivel mundial, destacou o modelo de comunidades enerxéticas establecido na localidade lucense de Monterrei, concretamente na aldea de Infesta, a través dunha rede de biomasa forestal que da cobertura a 33 vivendas.

Pedro Pastor Guerra na sala Rebullón

Pedro Pastor e a súa banda, Los Locos Descalzos, actuarán na sala Rebullón de Mos o día 29 de marzo, coa súa xira de presentación do seu novo disco “10 locos años descalzos”,

que saírá o vindeiro 6 de febreiro.

Celebran o seu décimo aniversario cun álbum coidadosamente producido: 12 cancións que recompilan algunhas das súas mellores obras, revisitadas con novos

arranxos e colaboracións de máximo nivel (Sílvia Rodríguez, Rozalén, Chico César, El Kanka...) e unha canción inédita, unha salsa, que deixa intuír unha nova sonoridade.

“Xenocidio”, Palabra do Ano 2025

A votación popular para a escolla da Palabra do Ano da campaña do Portal das Palabras promovida pola RAG e a Fundación Barrié, concluíu coa elección de “xenocidio”, o neologismo creado polo xurista polaco de orixe xudía Raphaël Lemkin (1901-1959) En palabras do historiador galego Antonio Míguez Macho, esta palabra constitúe un dos conceptos que cambiaron o mundo.

“Xenocidio” impúxose con máis de 4 de cada 10 votos emitidos, 2.948 dos case 7.200 rexistrados, adiantándose así a voz finalista vinculada a outro fenómeno de natureza ben dis-



tinta: “foliada”, expresión da alegría colectiva que significou a celebración das Letras Galegas das cantareiras. A palabra “Xenocidio” figuraba xa no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (1988), a base da que partiu o actual Dicionario da Real Academia Galega.

A UE aproba emendas do BNG para a pesca

Tras a aprobación do informe “Descarbonización e modernización da pesca da Unión”, a eurodeputada Ana Miranda salientou a importancia das achegas realizadas polo BNG que foron admitidas porque contemplan a realidade galega e están encamiñadas a mellorar o acceso aos fondos e a mellora das condicións laborais e sanitarias da pesca artesanal. Miranda reiterou o seu compromiso para que Bruxelas recoñeza que Galiza é unha nación altamente



dependente da pesca e deixe de ser discriminada na toma de decisións coa complicidade do PP.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns